

## PEZA DO MES

xaneiro

2000



AUTORRETRATO DO PINTOR

### PAIXASE DOS ARREDORES DE MADRID de Ramón Parada Justel

O LENZO RECOLLE UNHA AMPLA VISIÓN PANORÁMICA DOS ARREDORES DA CIDADE MADRILEÑA COAS SÚAS CHAIRAS E A SERRA DO GUADARRAMA COMO TELÓN DE FONDO. O PINTOR ABORDA A NATUREZA DE FORMA DIRECTA E INSTINTIVA, CONSTRUÍNDO O CADRO MEDIANTE PINCELADAS MIUDAS DE GRANDE ACENTO E VIBRACIÓN.





## RAMÓN PARADA JUSTEL

### Paisaxe dos arredores de Madrid

Óleo sobre lenzo  
39 x 95,5 cm  
1897  
Sen asinar  
Nº R. 3.158

Artista de formación académica en Madrid, o pintor ourensán Ramón Parada Justel amplía as súas referencias estéticas en Roma, onde permanece en 1894 tras conseguir unha bolsa da Deputación Ourense. O resto da súa curta vida transcorre a cabalo entre a súa terra natal (Esgos, Ourense...) e Madrid, concurrindo ás diversas Exposicións Nacionais e acadando medallas de terceira clase en dúas ocasións -1899 e 1901-.

No conxunto da súa obra aborda as máis diversas técnicas e temáticas, manifestando un eclecticismo que, imposto e consagrado dende as esferas oficiais, é característica común a moitos dos artistas da fin de século, na que reina un notable confusionismo estético. Un eclecticismo que en Galicia se patentiza tamén nos seus compañeiros da bautizada como "xeración doente" (Ovidio Murguía, Jenaro

Carrero e Joaquín Vaamonde), todos eles mortos a idade temperá cando a penas rondaban os trinta anos, sen que chegasen a desenvolver a súa obra máis persoal, pero que supoñen novos aires na modernización da pintura galega.

O interese de Parada pola paisaxe será unha constante ao longo da súa traxectoria. Afástase no seu tratamento da maneira académica, da minuciosidade da obra perfectamente acabada, sendo a primeira manifestación dun estilo máis libre e espontáneo, consecuencia dun intento de captación directa da natureza.

A obra que nos ocupa, *Paisaxe dos arredores de Madrid*, foi pintada en 1897, ano en que o artista tiña establecido o seu estudio en Madrid na zona de Las Vistillas. O lenzo recolle unha ampla visión panorámica dos arredores da capital coas súas chairas e a serra do Guadarrama como telón de fondo. O pintor aborda a natureza de forma directa e instintiva, nunha composición apaisada construída con manchas de cor en pincelada áxil de empaste lixeiro. Destaca a captación da celaxe en movemento e o estudo do efecto lumínico que estrutura a paisaxe en sucesivos planos de profundidade. A pintura aplicada directamente sobre a tea sen bosquejo previo, o traballo executado ao aire libre, o gusto polo non acabado e a

referida captación de luz e atmósfera, espellados cunha grande forza plástica como fundamento do cadro, vincúlano cunha paisaxe conceptualmente moderna.

A obra encádrase moi ben no contexto da paisaxe realista, impulsada en España a través das ensinanzas impartidas polo belga Carlos de Haes dende a súa Cátedra de paisaxe na Escola de Belas Artes de San Fernando e que tivo como principal aportación a imposición aos seus discípulos de pintar en plena natureza, predicando sempre a sinceridade e o respecto ao natural.

Esta nova visión débese tamén nunha boa parte ao redescubrimento decimonónico da gran pintura española do século XVII, en espe-



VISTA PARCIAL

cial do realismo velazqueño e os fondos dos seus retratos reais coa montaña do Guadarrama como escenario. A emblemática serra converterase daquela en imaxe de moda, frecuente fonte de inspiración e motivo de reflexión, adquirindo un extraordinario protagonismo, non só estético senon tamén moral, tanto para os pintores como no mundo da literatura, dando lugar á proliferación de obras sobre a serra madrileña que se articula como a "espinha dorsal" de España, en expresión de Giner de los Ríos.

Precisamente será este pedagogo e escritor do rexeneracionismo español un dos fundadores da "Institución Libre de Enseñanza" que

pretendía unha anovación dos planteamentos educativos, intensificando o coñecemento e estudio da xeografía, o mesmo tempo que asumía a idea da arte como elemento docente e estimulador de tódalas facultades do espírito. No seu seno e alentada por unha mesma ideoloxía, constituirase, en 1886, a "Sociedad para el estudio del Guadarrama", que conta significativamente co paisaxista Aureliano de Beruete como un dos seus máis destacados e activos colaboradores.

O xénero da paisaxe, considerado ata entón como menor ou secundario, adquire deste xeito un singular desenvolvemento que se traduce nun continuo incremento de "países" - así se denominaban entonces- nas Exposicións Nacionais de Belas Artes, configurándose como o ámbito artístico decisivo para a renovación e modernización da pintura española e claro reflexo das correntes de pensamento da sociedade de fin de século, que ten como principal motor creativo a idea de captar as esenciais nacionais para sobre elas sustentar a rexeneración que propuñan para a sociedade española.

De tódolos xeitos, esta paisaxe do Guadarrama de Parada Justel non deixa de ser unha "anécdota" no conxunto da súa pintura. Os seus escenarios predilectos e máis recorrentes serán os da súa terra -a súa aldea natal, Esgos, e outras zonas cercanas da provincia ou da cidade de Ourense-, os lugares familiares que sente como máis próximos e vividos e que reflicte como resultado dunha experiencia íntima, aínda que quizás non totalmente exenta dun certo matiz rexionalista na busca de sinais de identidade propias.

O lenzo forma parte das coleccións do Museo dende abril de 1951 en que a irmá do pintor, dona Modesta, fixo xenerosa doazón dun amplo número de pinturas, bosquejos, fotografías, recordos persoais e útiles do artista.



## HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

## O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

## HORARIO DO MUSEO

Aberto de martes a domingo de 9:30h a 14:30h e 16:00h a 21:30h.  
Os domingos só de 9:30 h. a 14:30 h.

### PEZA DO MES:

Presentación o 2º sábado de cada mes ás 12:00 h. e ás 19:00 h.

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao. FOTOGRAFIA: Fernando del Río.  
MAQUETA: Araceli Gallego. DEPOSITO LEGAL: VG-40-1999



CONSELLERÍA DE CULTURA,  
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO  
Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99  
Galicia



Praza Maior, s/n. – Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 – 32005 OURENSE

